



Hai persoas que pasan pola vida deixando unha estela tan viva, tan auténtica, que nin sequera a morte pode borrala. Xosé Lois Blanco Otero foi unha delas. Mestre de educación física, dinamizador incansable do colexio, compañeiro entrañable, e para moitos, simplemente "chucheloi" ou "osito gominola". Alcumes que falaban máis de agarimo que de chanza, porque só pónselles nome propio a quen se fai imprescindibles.

Xosé Lois non era só un docente. Era o primeiro en chegar ao colexio e un dos últimos en irse. Mantinha viva a web do centro, organizaba xogos populares, reinventaba os

## O eco do tamboril: en memoria de Xosé Lois Blanco Otero



recreos, ensinaba a montar en bicicleta, transformab a os patios en espazos de convivencia.

Sempre en movemento, sempre sumando. Era enerxía, alegria e compromiso. Era un deses piarezas invisibles pero fundamentais, sobre os que se sostén unha comunidade educativa de verdade.

exalumnos, profesores xubilados, compañeiros e moitas persoas que quixeron darlle as grazas.

Porque iso foi Xosé Lois: unha figura querida, respectada e lembrada con emoción. O seu legado non está nos documentos oficiais nin nos títulos. Está nas risas do recreo, nos xogos que seguen vivos, nas mans que seguen traballando coa mesma entrega. Está en cada persoa que o coñeceu e que, grazas a el, entendeu que educar tamén pode ser unha forma de amar.

Descansa en paz, Xosé Lois. O teu tamboril non deixou de soar. //

## ENSINO PÚBLICO



Noé entra na escola cos zapatos rotos. A mochila allea, o frío

nos dedos, o estómago ruído. Aínda así, sorri. No pupitre, a mesma luz que para todos: o libro, o encerado, a man da mestra que non pregunta canto podes pagar por soñar. Fóra, as rúas sangran desigualdade. Pero dentro, o saber é de todos, coma o aire, coma a auga. Cada letra que aprende é un ladrillo nunha ponte invisible, unha que lle promete que pode ser máis do que lle dixerón. Cada lección é unha defensa contra o destino escrito para quen nace sen privilexios. No patio, as nenas e os nenos corren sen máis diferenza ca das súas risas. Na biblioteca, atopan mundos

Soledad García Riveiro

onde non hai fame que lles roube a esperanza, onde ninguén mide o seu valor polo peso dos petos. Ao final do día, Noé marcha. Non leva máis peso na mochila, pero si nas ás. Porque a educación pública é máis ca unha aula: é un refuxio contra o esquecemento, unha fábrica de dignidade, a primeira e más forte trinchera da democracia. O ensino público non é caridade. É dereito. É xustiza. É o compromiso de que ningún soño se perda polo camiño. E se llo arrebatamos, se deixamos que a escola se converta nun luxo, estaremos a romper a única porta que aínda os iguala. Estaremos a rompermos a nós. //

Encantáballe tocar a guitarra e o tamboril, e esos sons — vibrantes,

alegres, inconfundibles — son talvez a mellor metáfora do que foi a súa vida: un ritmo constante que convocabía a todos, que unía, que daba vida. Ese mesmo tamboril pareceu soar na homenaxe que se lle rendeu no colexio, ao que acudiron

## MÁIS POESÍA, POR FAVOR!



Nestes tempos nos que abondan restas e divisións, nos que escoitar, compartir e dar son verbos en mínimos, nos que a verdade é un ben escaso, eu berro: máis poesía! Poesía para poñer palabra a todo iso que non nos atrevemos a decir, para rir e xogar, para escribir o quérote máis esdrúxulo, para pedir perdón. Poesía que sexa música pero tamén silencio e refuxio. Poesía con maxia. Poesía paracaídas, chaleco antibalas, salvavidas. Poesía que, con pouco, diga moito. Poesía valente, que non teña medo ao que dirán. Poesía sen aranceis. Poesía sen trampas. Poesía

que cambie bombas por bombóns e bambás. Poesía sen estreitos. Poesía que non pase fame. Poesía faro, que ilumine todos os océanos que decidamos navegar. Poesía para soñar mellor.

Poesía que fale desde o corazón e busque, sempre, o lugar onde latexa a beleza do mundo.

Poesía para todos, todas e todes. Máis poesía, por favor! //

## QUE O VENTO NOS DEVOLVA AS PALABRAS



Antonio García Teijeiro

Cando algúen me pregunta que palabra me gusta máis, eu non dubido e sempre respondo o mesmo: a palabra que máis me gusta é a palabra palabra.

Porque coa palabra auga me acariñan as ondas do mar ou escoito o canto dos ríos. Porque coa palabra guerra sinto a dor e o fume da destrucción e procuro a palabra paz. Porque coa palabra brillo quenta o sol e con neve vexo as cousas más claras; con bico síntome máis preto das persoas que me rodean e con man toco a herba fresca e con outras palabras escribo versos que voan, que bican, que sacoden, que emocionan. Por todo isto, eu quero que os nenos e as nenas fagan da palabra algo vivo, misterioso. Quero que xoguen con elas, que as descubran, que as digan en alto e en baixo, que os fagan voar, bicar, sacudir, emocionarse.

Coido que todos debemos amar e defender con convicción as palabras. Que as utilicemos para acarriñar, denunciar, rir, chorar, fuxir da soildade. E que mellor defensa da palabra que a lectura de poemas? Esas palabras fermosas que nunca leva o vento e

que nos pertenecen. Esas palabras que ninguén nos pode roubar e que nos fan máis libres, porque son nosas. Lía eu uns versos de Bernardino Graña que falaban de moitas palabras que, xunto ás follas das árbores, o vento levara con el. Fiquei triste e escribín este poema para esixir a devolución das palabras roubadas. Con estos versos remato este texto que considero necesario: Que as traia de novo, / que quero berralas, / que quero dicilas/ ben forte as palabras. / Levounas o vento/ a cambio de nada. / Deixoume unhas follas, / rumores, / borralla. / Palabras fermosas. / Palabras